

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de novembro de 2016, polo que se resolve o procedemento de provisión do posto de traballo de administrativo/a da Administración do Parlamento de Galicia (AP25 da RPT)

Por acordo da Mesa da Cámara do 5 de xullo de 2016 iniciouse o procedemento de provisión por concurso do posto de administrativo/a, AP25 da relación de postos de traballo da Administración do Parlamento de Galicia, e aprobáronse as bases reguladoras do concurso, que foron publicadas no BOPG núm. 674, do 11 de xullo de 2016.

A comisión de valoración do concurso, logo de transcorrido o prazo para presentar reclamacións sen que se presentase ningunha, acorda propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a resolución do concurso a favor de Rita María Blanco Vázquez (BOPG núm. 2, do 24 de outubro de 2016).

A Mesa, ao abeiro do disposto no artigo 28 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Resolver o procedemento de provisión do posto de traballo de administrativo/a da Administración do Parlamento de Galicia (posto AP25 da relación de postos de traballo da Administración do Parlamento de Galicia) coa designación para o seu desempeño da funcionaria de carreira da Administración do Parlamento de Galicia Rita María Blanco Vázquez.

2º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para que proceda a realizar os trámites precisos para a súa execución.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2016

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º